ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA**
**FC24190**

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Marco lexislativo específico e xeral sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social

**CONVOCATORIA:** 2ª convocatoria Autonómico

**GRUPO:** Cursos Autonómico

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CUALIFICACIÓN:** | APROVEITAMENTO | **PLAN:** | F. FINALISTAS | **HORAS:** | 30 |
| **ADMINISTRACIÓN:** | AUTONÓMICA | **ESTADO:** | CONVOCADO | **ANO:** | 2024 |
| **MOD.IMPARTICIÓN:** | TELEFORMACIÓN | **TIPOLOXÍA:** | XERAL | **EDICIÓNS:** | 1 |

**DATA MATRÍCULA:** Do 15/06/2024 - 09:00h ao 25/06/2024 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Formar a profesionais comprometidos/as coa defensa, o recoñecemento e a protección dos dereitos das persoas con discapacidade desde un enfoque social, xurídico e de dereitos humanos. Preténdese contribuír á formación nos procesos vinculados á temática da discapacidade, garantindo o pleno respecto dos seus dereitos en todos os ámbitos: emprego, educación, xustiza, cultura, deporte, etc.

Concretamente, perséguense os seguintes obxectivos:

- Profundar na normativa vixente específica en materia de discapacidade.
- Dar a coñecer outra normativa de diferentes ámbitos (emprego, violencia, deporte, etc.) que contemplan aspectos que afectan directamente ás persoas con discapacidade.
- Contribuír á formación nos procesos vinculados á temática da discapacidade, garantindo o pleno respecto dos seus dereitos, nos termos que se recollen na normativa de aplicación ás persoas con discapacidade.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

### PROGRAMA

- Marco contextual e conceptual da discapacidade e da normativa específica vixente na materia.
- Dereitos das persoas con discapacidade e obrigas dos poderes públicos, segundo a normativa vixente.
- A igualdade de oportunidades e a non discriminación: medidas contra a discriminación, medidas de fomento e defensa, accións positivas.
- A dimensión e tratamento da discapacidade noutra normativa de carácter sectorial.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

## 3. DATOS EDICIÓNS

| T01 | | |
|---|---|---|
| **LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN | | **INICIO / FIN:** 24/10/2024 a 24/11/2024 |
| **NUM. PRAZAS:** 50 | **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) | **DATA EXAME:** 28/11/2024 ás 18:00h |
| **DOCENTES NOMEADOS** | | |
| RETNOVA Proxectia Consulting | | |
| **LUGAR DE REALIZACIÓN** | | |
| En liña | | |